

ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA EDUCATIVO “A XESTIÓN DE RESIDUOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: A COMPOSTAXE”.

En Pontevedra a 12 de xaneiro de 2017

REUNIDOS

D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación da Provincial de Pontevedra.

D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do Centro de Extensión e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

E dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Actuando ambos no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

Primeiro. O 30 de marzo de 2016 asinouse o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para a posta en marcha do programa educativo A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a Compostaxe.

Os obxectivos xenéricos do programa son os seguintes:

Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.

Acabar un cambio de actitudes e de responsabilidade na separación dos residuos orgánicos domésticos.

Compromiso persoal ante a redución dos mesmos e co uso dos composteiros comunitarios.

Informar sobre a importancia da compostaxe como alternativa necesaria, ao ser más económica e ecolóxica que os tratamentos actuais.

Segundo. De acordo co disposto na cláusula décimo terceira, o Convenio entrou en vigor na data da súa sinatura e tería vixencia ata o 31 de decembro de 2016, pudendo prorrogarse previa solicitude do CEIDA realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, coa conformidade expresa das partes intervenientes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

Terceiro. O 28 de outubro de 2016, nº de rexistro de entrada 2016111535, o CEIDA solicita a prórroga do devandito Convenio de colaboración coa finalidade de dar continuidade durante o ano 2017 á segunda fase do citado programa educativo e desenvolver as actuacións reflectidas na memoria que obra no expediente administrativo da súa razón.

Visto que a execución do Convenio estase a realizar dunha forma satisfactoria e que a Administración Provincial segue a apostar pola implantación dun novo sistema de tratamiento de residuos nos Concellos baseado na compostaxe a través do Plan Compost Revitaliza, as partes estiman necesario continuar coa devandita colaboración a través da presente Addenda e de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación de Pontevedra e o CEIDA acordan a prórroga do Convenio de Colaboración subscrito con data de 30 de marzo de 2016 ata o remate das actividades que se describen a continuación e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2017.

As actividades a desenvolver durante o ano 2017 correspondentes á segunda fase do programa provincial de educación, formación e divulgación “A xestión de residuos na provincia de Pontevedra”, son as seguintes:

- a) *Planificación e asesoramento polo equipo do CEIDA nas actuacións do Programa Educativo*

O equipo de educadores/as ambientais do CEIDA contactará cos centros educativos da provincia de Pontevedra para asesoralos nos proxectos de investigación que levan a cabo en materia de compostaxe, separación do lixo doméstico e redución de residuos.

Manterase un contacto directo e continuo cos centros educativos participantes co obxectivo de facer o seguimento dos proxectos e de apoialos no seu

desenvolvemento. Ademais do asesoramento telefónico e por correo electrónico, concertaranse reunións de seguimento nos centros para facilitar a resolución de dúbidas sobre a orientación e desenvolvemento dos proxectos en cada centro.

b) Divulgación e redes sociais

Todas as accións incluídas no Programa terán unha ampla difusión en redes sociais a través de unha importante estratexia de divulgación que permita dar maior visibilidade ás actividades nestes medios.

Así, farase uso das diferentes canles de difusión que o propio CEIDA posúe (Facebook, Twitter, Youtube...), co obxectivo de facer chegar diferentes formatos e contidos (imaxes, vídeos, artigos, etc.) ao maior número de destinatarios posibles, e compartindo toda a información con outras institucións relacionadas co ámbito de actuación do CEIDA ou entes colaboradores.

Todos os contidos difundidos a través das redes sociais se unificarán a través de hashtags, de forma que se poidan seguir todas as noticias relacionadas co Programa a través dunha mesma etiqueta. Este monitoreo a través de hashtags é fundamental en redes sociais, dada a inmensa cantidade de entradas que se publican diariamente, permitirános medir o rendemento e a posible participación no Programa, conseguindo así un maior alcance, visibilidade e repercusión de todas as comunicacións nas diferentes plataformas sociais.

c) Presentación dos Proxectos de Innovación Educativa desenvolvidos polos centros participantes

O I Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra nace co fin de fomentar na sociedade a necesidade de colaborar na redución e correcta separación do lixo doméstico, canalizando as mensaxes que os rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra farán a través dos seus proxectos de investigación.

Os obxectivos desta actividade son:

- Consolidar o Congreso como un espazo de participación e debate, destacando o papel dos centros educativos como difusores dunha nova cultura ambiental mais sustentable na sociedade.

- *Intercambiar experiencias e aprendizaxes entre alumnado e profesorado entorno á compostaxe, que promovan un cambio de actitudes e de responsabilidade na separación dos residuos orgánicos domésticos.*

A organización deste I Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra incluirá as seguintes actuacións:

- 1) *Elección da data e do lugar de celebración do Congreso.* Buscarase unha sala con capacidade suficiente para acoller a todos os participantes e dotada con medios audiovisuais. En canto a data, búscarase unha data no último mes do ano escolar para interferir o menos posible no traballo dos centros educativos.
- 2) *Organización do transporte dos centros.* Contratarase unha empresa de transporte que se encargue dos traslados dos participantes ao lugar de celebración o día do congreso. Establecerase, de acordo cos centro educativos, un plan de transporte.
- 3) *Contacto cos centros participantes.* Manterase, durante esta actividade, un contacto continuo cos centros participantes para obter a información necesaria para a organización do congreso:
 - *Datos do alumnado participante no congreso*
 - *Numero e datos do alumnado que fai a exposición oral do proxecto do centro.*
 - *Datos do alumnado participante no proxecto que non asiste ao congreso.*
 - *Datos do profesorado coordinador dos proxectos.*
 - *Características dos materiais a expoñer na mostra expositiva.*

Ademais informarase aos centros de:

- *Número máximo de alumnos/as que pueden asistir ao congreso (en función do número de centros participantes e a capacidade do lugar escollido para a celebración)*
- *Horarios de recollida e regreso ao centro.*
- *Envío do modelo de autorización para o uso de imaxes para os menores participantes.*
- *Programa do congreso.*
- *Data límite de envío das presentacións e formatos de presentación permitidos.*

- 4) Deseño e impresión de material divulgativo e de agasallo. Mantendo como base o logotipo do Congreso, deseñaranse materiais divulgativos para decorar o lugar de celebración (lonas, plotter, photocall,...) e materiais de agasallo para os participantes (cadernos, lapis, chapas,...)
- 5) Elaboración de diplomas para o alumnado e o profesorado.
- 6) Avaliación do Congreso. Co fin de valorar se se acadaron os obxectivos desta actividade e como punto de partida para futuras edicións compre levar a cabo un proceso avaliativo do congreso por parte dos participantes. Deseñaranse dúas avaliaciós: unha para o profesorado e outra para o alumnado.
 - d) Posta a disposición dos centros educativos de todos os fondos documentais necesarios para axudar no correcto desenvolvemento dos proxectos a través do Centro de Documentación Ambiental do CEIDA

O Centro de Documentación do CEIDA porá a disposición dos centros educativos información bibliográfica en todo tipo de soportes: libros, revistas e materiais audiovisuais principalmente, ademais de cartografía, folletos e material dixital. Este Centro se atopa en rede con outros de tipo similar distribuídos por todo o estado español formando parte do RECIDA (Red de Centros de Información y Documentación Ambiental).

Ademais dos servizos de consulta en sala e préstamo de materiais, o centro de documentación do CEIDA elabora boletíns bibliográficos e dentro deste programa contemplase a elaboración dun boletín electrónico con documentación ambiental específica sobre xestión de residuos e compostaxe dirixida aos centros educativos que están a desenvolver proxectos de investigación.

Esta publicación electrónica recollerá unha importante selección dos fondos dispoñibles no centro sobre xestión ambiental, residuos, compostaxe, etc... Así mesmo, incluirá recursos electrónicos, dispoñibles para descarga a texto completo a través da Rede.

O persoal do Centro de Documentación prestará tamén asesoramento personalizado aos centros participantes no Programa.

e) Ciclo itinerante da exposición polos centros educativos

Os centros participantes no Programa provincial de educación, formación e divulgación “A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a compostaxe” terán a súa disposición unha exposición itinerante sobre compostaxe.

Durante o ano 2017 farase un duplicado da exposición para dispoñer de dúas copias para ofertar aos centros educativos. Esta mostra de noves paneis, busca sensibilizar sobre a problemática dos residuos informando dos distintos modelos de xestión dos mesmos con especial énfase na compostaxe da fracción orgánica. Así mesmo, da a coñecer o Proxecto Revitaliza e a importancia da participación da cidadanía para o éxito desta iniciativa.

Esta exposición poderá ser amosada nos centros participantes no programa para servir de apoio aos proxectos de investigación que se desenvolverán.

f) Elaboración dunha publicación en formato dixital

Como ferramenta de divulgación dos proxectos desenvoltos polos centros e presentados no I Congreso de Educación Ambiental para os centros de ensino da provincia de Pontevedra realizarase unha publicación en formato dixital.

Nesta publicación incluirase:

- A presentación do Congreso (obxectivos, patrocinadores, colaboradores,...)
- Programación do Congreso
- Memorias dos proxectos así como as presentacións de apoio ás exposicións orais.
- Galería de imaxes.

Realizaranse copias suficientes para podelas distribuír entre os centros participantes e as entidades participantes.

Segunda. O custo das actividades descritas anteriormente para levar a cabo a segunda fase do programa de educación, formación e divulgación “A xestión de residuos na provincia de Pontevedra: a compostaxe”, ascende a un total de 80.000,00€, importe que se financiará pola Deputación de Pontevedra con cargo á aplicación orzamentaria 17/923.1623.453.90 do orzamento provincial para o ano 2017, segundo o seguinte detalle:

<i>Planificación e asesoramento nas actuacións do programa</i>	<i>18.000 €</i>
<i>Divulgación nas redes sociais</i>	<i>2.000 €</i>
<i>Presentación dos Proxectos de Innovación Educativa.....</i>	<i>16.000 €</i>
<i>Deseño e impresión de material publicitario</i>	<i>5.000 €</i>
<i>Desprazamentos e manutención</i>	<i>4.000 €</i>
<i>Posta a disposición de documentación e elaboración dun Boletín</i>	<i>15.000 €</i>
<i>Ciclo itinerante (duplicado da exposición e itinerancia da mesma).....</i>	<i>16.000 €</i>
<i>Publicación en formato dixital</i>	<i>4.000 €</i>
<i>Total custo actividades</i>	<i>80.000 €</i>

Terceira.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, desenvolvéndose cada unha das actividades previstas nos seguintes prazos:

- Planificación e asesoramento nas actuacións do programa: desenvolverase ao longo de todo o ano 2017.
- Divulgación en redes sociais: desenvolverase ao longo de todo o ano 2017.
- Presentación dos proxectos de Innovación Educativa: entre os meses de marzo a xullo de 2017.
- Posta a disposición dos centros educativos dos fondos documentais do CEIDA: desenvolverase ao longo de todo o ano 2017.
- Ciclo itinerante da exposición: desenvolverase ao longo de todo o ano 2017.
- Elaboración dunha publicación en formato dixital: entre os meses de maio a outubro de 2017.

Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental antes do 31 de marzo de 2018.

Cuarta. Previa solicitude do CEIDA, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

Quinta. Os efectos da presente Addenda a este Convenio de Colaboración, estenderanse ata o 31 de decembro de 2017.

Sexta. Para o resto das cuestiós non contempladas na presente Addenda considéranse que continúan vixentes as especificacións recollidas no Convenio de Colaboración subscrito entre as partes o 30 de marzo de 2016.

E en proba de conformidade, e para que conste ós efectos oportunos, as partes asinan todas as follas por duplicado do presente Acordo de Prórroga, no lugar e data indicados no seu encabezamento.

O VICEPRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA

Cesar Mosquera Lorenzo




O DIRECTOR XERENTE
DO CEIDA

Carlos Vales Vázquez

A handwritten signature in blue ink that reads "Carlos Vales Vázquez".

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Carlos Cuadrado Romay.

A large, handwritten signature in blue ink that reads "Carlos Cuadrado Romay".